

# BIRD

Andrea Arnold, 2024

# 1413

ESTREA EN NUMAX: 29.11.2024 | V.O.S.G. | +12 | 119 min

Bailey, de 12 anos, vive co seu pai solteiro Bug e o seu irmán Hunter nunha casa ocupada do norte de Kent. Bug non ten moito tempo para os seus fillos e Bailey, que se achega á puberdade, busca atención e aventuras pola súa conta.

«Fermosa, única  
e chea de sorpresas»

James Mottram, TOTAL FILM

Filme subtitulado ao galego co  
apoio da Secretaría Xeral de  
Política Lingüística



XUNTA  
DE GALICIA



## Un ser especial e sensible nun mundo cruel

Por Eva Peydró

A directora británica Andrea Arnold, tres veces gañadora do Premio do Xurado no Festival de Cannes con *Red Road* (2006), *Fish Tank* (2008) e *American Honey* (2016), presenta *Bird* dous anos despois de estreir o magnífico documental *Cow* (2022) e dirixir varios episodios das series *Transparent* e *Big Little Lies*. O elenco está encabezado por Nykiya Adams, interpretando a protagonista, Bailey, xunto a Barry Keoghan, como o seu pai e Franz Rogowski, encarnando o mozo que lle dá a volta ao seu mundo, á súa insatisfactoria vida cotiá e ofrece un alento de confianza ás súas ansias de voar.

Os retratos de Arnold son meticulosos e fluídos e no caso de *Bird*, preséntanos unha familia okupa con dous fillos que tentan seguir adiante como poden, dentro da pequena delincuencia, da que só se nos proporciona unha información anecdótica, pero que mantén a cohesión grazas a un pai amoroso e paciente, dentro das súas limitacións. Por outra banda, a nai de Bailey vive cos seus fillos pequenos noutro fogar, desentendéndose dela, mantendo unha relación abusiva cun home violento, mentres todos os irmáns parecen ter unha relación próxima, a pesar de todo. A gañadora dun Óscar pola súa curta *Wasp* (2003), inténase a través de *Bird* no terreo da metáfora e o realismo máxico, cunha protagonista que evolúe ao longo do filme, recreando na súa interpretación un arco emocional, que resulta nun *coming-of-age* moi particular. Bailey vive nun mundo dividido entre aquilo que reflicte a súa sensibilidade e o que estimula a súa rebeldía, sen que sexa aínda capaz de conxugalo dunha forma satisfactoria, debido a que con doce anos apenas está a abandonar a puberdade.

A aparición na súa vida dun estraño —o perfecto, ambiguo e adorable Rogowski—, será a pedra de toque dunha evolución inesperada para Bailey. O personaxe misterioso que xorde en plena natureza regresou tras moitos anos á súa cidade, para retomar o contacto coa súa familia, pois desaparecera cando era un neno. O paralelismo emocional coa situación da moza comeza a ser máis evidente cando o pai o rexeita. Pero será a través dos seus encontros, que poderían perfectamente ser típicos dun filme de Miyazaki, cando ela comeza a albiscar un diferente panorama e sentirse cada vez máis segura de si mesma.

O recurso á fantasía de *Bird*, lonxe de desconcertar parece orgánico, da mesma maneira en que simbolicamente percibimos a realidade. E é así como o vive Bailey, como un reflexo e un modelo de resiliencia, cando a súa identidade en canto a todo o que a define está borrosa. Nena e muller, feminina pero masculina na emulación dun modo de supervivencia, madura pero infantil, descobre que as súas estratexias xa non lle serven, que a entrada no mundo adulto non pode ser unha loita por ser a máis dura. *Bird* irrompe como saído da nada, vestido con saias, unha pequena mochila e toda a serenidade e paciencia do mundo, en contraste brutal con Bailey.

A angustia ante a voda do seu pai é a pedra de toque que pon a Bailey contra as cordas, unha oportunidade para ser asertiva e rebelde, pero é ese mesmo acontecemento o que ao final revelará a transformación que experimentou grazas a esa presenza benéfica e alada que a protexe coa súa soa presenza. Andrea Arnold mostra en *Bird* que hai esperanza, e que ser especial e sensible nun mundo tan cruel non é necesariamente unha condena, aínda que quizá para iso sexa necesario botar man da fantasía.